



## A segunda onda da pandemia aumentou un 44% a carga de traballo das persoas tituladas da UVigo

Por **Redacción** - enero 14, 2022

### Incrementouse a ocupación, baixou o desemprego e impúxose a presencialidade

Entre o 1 de setembro e o 31 de decembro do 2020 a pandemia aumentou un 44% a carga de traballo das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Así se determina no *Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia nos antigos estudantes da UVigo* realizado, como os anteriores, polo Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo coa colaboración do Consello Social. Os datos recollidos deixan agora sobre a mesa importantes conclusións, non só o incremento da carga de traballo, senón tamén o aumento xeral das cifras de ocupación e a baixada do desemprego, así como o feito de que o teletraballo deixou de ser maioritario -durante a primeira onda acadou a porcentaxe do 54% e na segunda descendeu ata o 43%-.

“Queremos agradecer a colaboración dos 2283 antigos estudantes da UVigo que tiveron a ben participar neste segundo estudo, no que avaliamos o impacto laboral da pandemia entre setembro e decembro de 2020, momento en que comezou a campaña de vacinación contra a Covid-19 na maioría de países”, explica o director do observatorio, Luis Espada, ao que engade que, transcorrido un ano, “a día de hoxe podemos gabarnos de que este proceso estea tan avanzado”. Nesta liña, o presidente do Consello Social, Ernesto Pedrosa, considera que o informe foi realizado “en tempos convulsos e de dificultades e niso reside a súa grandeza”, pois, “é xusto onde a universidade se fai máis insubstituíble e pode prestarnos o seu mellor servizo”. Destacan, neste senso, o labor do observatorio nos últimos anos localizando máis de 70.000 persoas tituladas pola UVigo entre 1990 e 2015 e que hoxe exercen en preto de 70 países, conformándose así “unha poderosa rede de embaixadores propios”.

### Participaron no estudo máis de 2000 exalumnas e exalumnos

O traballo de campo deste estudo desenvolveuse entre os días 27 de xaneiro e 5 de abril de 2021, obténdose 2283 respostas válidas e, ao igual ca no estudo realizado en 2020 sobre a primeira onda da pandemia, o impacto foi abordado desde tres ópticas: laboral, en referencia á incidencia na taxa de ocupación e de desemprego; sanitaria, en relación



a porcentaxe de contaxios no ámbito laboral, e, por último, no modo de traballo, é dicir, as medidas organizativas tomadas polas empresas para encarar a pandemia. Ademais, abórdouse dun xeito específico a implantación do teletraballo, incluíndo a súa potencialidade, factores facilitadores, vantaxes, inconvenientes e habitabilidade das vivendas.

---

---

